# TÁBOA ANEXA III
# ESPECIALIDADE
# DE
# ALPINISMO
# FISICOVID

**ADESTRAMENTO ALPINISMO - INDOOR - MEDIO NATURAL**

| MOMENTO | AXENTE | TIPO DE CONTAXIO | SITUACIÓN | SOLUCIÓN |
|---|---|---|---|---|
| ANTES | Deportista | Contacto | Preparación do equipo e material deportivo de alpinismo para as sesións de adestramento. | Empregar para a sesión material que estivo en corentena.<br>Empregar para a sesión material que púdose limpar con viricidas axeitados.<br>Incluir no material, bote de xel individual e máscara. |
| | Deportista | Contacto | Transporte público ou privado compartindo vehículo con persoas non convivintes denda a casa a zona de adestramento indoor ou no medio natural. | Aplicar xel as mans antes e despois do uso do transporte público e privado. |
| | Deportista | Aérea | Transporte público ou privado compartindo vehículo con persoas non convivintes denda a casa a zona de adestramento indoor ou no medio natural. | Máscara obrigatoria durante os traxectos de ida e volta. |
| | Deportista | Contacto | Entrada ao pavillón de adestramento - ximnasio ou rocódromo | Unha única entrada coa porta aberta, bolquexada por unha cuña, ou que se poida usar co pé.<br>Emprego de xel antes e despois de tocar a porta, pestillos ou calquer outro elemento para entrar. |
| | Deportista | Aérea | Os deportistas se achegan á zona de adestramento. | Entrada secuencial a zona de adestramento, mantendo da distancia de seguridade. |
| | Deportista | Contacto | Emprego de vestiarios | Utilizados segundo a normativa: limpeza, distancia de seguridade, xel antes de entrar e non empregar taquilla.<br>Chegar á zona de adestramento vestido da casa, se é posible. |
| | Staff mantemento | Aérea | Cruce co persoal de mantemento | Mantense a distancia de seguridade.<br>Emprégase a máscara. |
| | Staff mantemento | Contacto | Saúdos | Mantense a distancia de seguridade.<br>Saúdo verbal a distancia. |
| | Staff adestrador | Contacto | Saúdos | Mantense a distancia de seguridade.<br>Saúdo verbal a distancia. |
| | Staff adestrador | Aérea | Saúdos | Mantense a distancia de seguridade.<br>O adestrador leva posta a máscara se non pode asegurarse en todo momento a distancia de seguridade. |
| | Staff adestrador | Contacto | Cambio de presas para o deseño de pasos de escalada de bloque ou dificultade da sesión | Se o adetrador cambia as presas, farase despois de limpar as máns con xel e empregar ferramenta hixienizada con viricidas ou despoi de pasar corentena de 72 horas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Deportista | Contacto | Emprego de material deportivo propio do alpinismo: piolets e crampóns durante as sesións de adestramento. | O material deportivo a empregar é persoal sen posibilidade de intercambio.<br>Se houbese que intercambiar algún elemento entre os deportistas, votaranse xel antes e despois do seu uso.<br>O material intercambiado límpase de acordo á normativa e posibilidades para non alterar as súas prestacións e funcionalidade. |

**ADESTRAMENTO ALPINISMO - INDOOR - MEDIO NATURAL**

| MOMENTO | AXENTE | TIPO DE CONTAXIO | SITUACIÓN | SOLUCIÓN |
|---|---|---|---|---|
| | Staff adestrador | Aérea | Comunicación das tarefas da sesión | Tarefas enviadas con anterioridade vía correo electrónico |
| | Staff adestrador | Aérea | O adestrador observa e propoñe correccións técnicas | Observación mantendo a distancia de seguridade durante sesión de adestramento.<br>Se non é posible manter a distancia de seguridade, o emprego da máscara é obrigatorio. |
| | Staff adestrador | Contacto | O adestrador propón novos pasos de escalada de bloque colléndose as presas para amosar o novo movemento. | O deseño dos novos pasos faise con anterioridade ao adestramento.<br>As correccións ou indicacións de coller presas diferentes farase cun punteiro laser. |
| | Deportista Interior | Aérea | Quecemento nas sesións en ximnasio ou rocódromo. Os desportistas durante a fase de quecemento aproxímanse entre eles sen respetar a distancia de seguridade. | O adestrador delimita unhas áreas de quecemento individuais onde se mantén a distancia de seguridade. |
| | Deportista Medio Natural | Aérea | Quecemento nas sesións no medio natural. Os desportistas durante a fase de quecemento aproxímanse entre eles sen respetar a distancia de seguridade. | O adestrador procurará unha área de quecemento que permita o mantemento da distancia de seguridade. |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Material deportivo de escalada persoal para o adestramento como casco, arnés, bolsa de magnesio e pés de gato. | O material deportivo non se presta nin se deixa tocar por outro compañeiro ou compañeira, e se mantén alonxado do restos dos compañerios.<br>O materia deportivo de uso persoal será levado a zona de adestramento dentro da mochila, e as mochilas estarán separadas entre si mantendo a distancia de seguridade. |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Pasos de escalada moi próximos e coincidencia de varios escaladores na mesma zona. | Uso secuencial das zonas de escalada polos deportistas para evitar a proximidade.<br>Cando escala unha persoa, os demáis observan mantendo a distancia de seguridade entre eles. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DURANTE | Deportista Interior | Contacto | Os deportistas escalan sobre as presas artificiais tocando as extremidades coas extremidades superiores. Situación común nas tres subespecialidades: bloque, dificultade e velocidade | Uso de xel con anterioridade a escalada<br>Emprego de magnesio líquido |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Os deportistas escalan sobre as presas artificiais tocando as extremidades coas extremidades superiores. Situación común nas tres subespecialidades: bloque, dificultade e velocidade | O calzado de escalada límpase antes e despois de cada exercicio. |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Durante os pasos de escalada de bloque prodúcese a caída sobre a colchoneta de recepción. | Despois de cada caída se limpa a colchoneta cun viricida. |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Os deportistas atenden a súas quendas de series nos pasos de escalada de bloque sentados sobre as colchonetas de recepción. | Mentras estase esperando a realizar os pasos de escalada, está prohibido sentarse nas colchonetas |
| | Deportista Medio Natural Interior | Aérea | Os deportistas atenden a súas quendas de series nos pasos de escalada de bloque a carón uns dos outros comentando os pasos e sen manter a distancia de seguridade. | Se lles recorda o mantemento da distancia de seguridade<br>Usarán as máscaras mentras atenden a quenda se non se pode manter a distancia de seguridade. |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Un compañeiro portea a caída de escalada de bloque doutro compañeiro. | Prohibido portear ao compañeiro. Caída sobre a colcheneta sen axuda dirixida polos compañeiros/as |
| | Deportista Medio Natural Interior | Contacto | Na subespecialidade de dificultade, os deportistas encórdase empregando unha corda de escalada que poido ser tocada por outros compañeiros de adestramento | O escalador fai o seu propio nó despois de empregar o xel cando as mans estén ben secas para impedir calquer transferencia do xel á corda de escalada. |
| | Deportista | Contacto | Emprego de material propio do alpinismo como piolets e crampóns. | Non hai intercambio de material deportivo que previo ao uso pasou a corentena na casa.<br>O escalador fai o seu propio nó despois de empregar o xel cando as mans estén ben secas para impedir calquer transferencia do xel á corda de escalada. |
| | Deportista Medio Natural | Aérea | Nos percorridos de vías de varios longos de corda, os deportistas comparten a reunión onde fan intercambio de cabeza de corda. Vías de escalada no medio natural. | Na medida que o permita a reunión, manterase a distancia de seguridade. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Deportista<br>Medio Natural | Contacto | Nos percorridos de vías de varios longos de corda, os deportistas comparten a reunión onde fan intercambio de material deportivo de seguridade ou de progresión. Vías de escalada no medio natural. | O material deportivo empregado pola cordada pasou a corentena na casa de cadascún.<br>Antes de comezar a escalada, os integrantes da cordada botarán xel as máns. Unha vez terminada a vía de escalada, cada membro da cordada recolle o seu material que introduce na mochila. |
| | Deportista<br>Escalada de dificultade<br>Interior<br>Medio Natural | Contacto | O asegurador toca a corda que lle chega ao escalador. | Antes de tocar a corda e o freo de seguridade, o asegurador usa xel desinfectante e espera que estea ben seco para evitar transferencia á corda. |
| | Deportista<br>Escalada de dificultade<br>Interior<br>Medio Natural | Contacto | Durante a práctica da escalada de dificultade o escalador pode levar a corda á boca. | Cambiar a conducta de levar a corda á boca. Adestrar aos deportistas a non morder a corda e só collela cando estea moi próximo a cinta express de seguridade. |
| | Deportista<br>Común a escalada de bloque, dificultade e con material propio do alpinismo. | Aérea | Durante a parte de volta a calma os deportístas aproxímanse uns aos outros no momento de facer os estiramentos. | Os desportista distribuense polo espazo mantendo a distancia de seguridade. |
| | Deportista<br>Común a escalada de bloque, dificultade e con material propio do alpinismo. | Contacto | Volta a calma despois da sesión, os estiramentos pódense facer con axuda doutros compañeiros/as | Non estarán permitidos os estiramentos asistidos. |
| | Deportista<br>Común a todas as actividades de alpinismo de escalada sobre xeo | Contacto<br>Aérea | Os deportistas de alpinismo realizan escaladas de adestramento sobre xeo no medio natural, podéndose producir contactos, intercambios de material e aproximación durante a realización das vías alpinas de xeo. | As medidas de prevención son as mesmas que as indicadas nos apartados anteriores de escalada no uso e manexo da corda, as manobras sobre as reunións, o intercambio de cabeza de corda e o mantemento das distancias nas reunións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Staff adestrador | Aérea | Análise da sesión de adestramento con todos os deportistas formando un corrillo. | Análise individual mantendo a distancia de seguridade ou empregando a máscara.<br>Envío por correo electrónico das conclusións do adestrador a cadascun dos deportistas. |
| | Deportista | Compartir | Compartir bebida, xeles ou comida durante o adestramento. | Prohibido compartir bebidas e comidas de calquer tipo abertas ou pechadas durante os adestramentos de ximnasio, rocódromo e no medio natural.<br>Os deportistas teñen que levar os seus alimentos durante as sesións no medio natural. |

**ADESTRAMENTO ALPINISMO - INDOOR - MEDIO NATURAL**

| MOMENTO | AXENTE | TIPO DE CONTAXIO | SITUACIÓN | SOLUCIÓN |
|---|---|---|---|---|
| DESPOIS | Deportista<br>Interior<br>Medio Natural | Contacto | Recollida do material deportivo despois do adestramento todos xuntos e sen orde collendo o primeiro que atopo, e que pode ser doutro deportista. | Cada un recolle o seu propio material sen tocar o dos demáis.<br>Se recolle introducíndoo na mochila persoal.<br>O material deportivo: arnés, casco, pés de gato, botas, cordas, cintas, bolsa de magnesio, freo, material de progresión, mosquetóns, parafuxos, empotradores, friends, e material deportivo de progresión e seguridade, piolets e crampóns pasará corentena de entre 48 e 72 horas en lugar ventilado e seco, antes da seguinte utilización. |
| | Deportista<br>Interior | Contacto | Camiño dos vestiarios tócanse entre eles. | Lémbrase a todos eles o mantemento da distancia de seguridade.<br>Entrada no vestiario secuencial, mantendo a distancia de seguridade. |
| | Deportista<br>Interior | Aérea | Camiño dos vestiarios sen respetar a distancia de seguridade | Lémbrase a todos eles o mantemento da distancia de seguridade.<br>Entrada no vestiario secuencial, mantendo a distancia de seguridade. |
| | Staff adestrador<br>Inerior<br>Medio Natural | Aérea | Despedida | Mantemento da distancia de seguridade.<br>Se non se pode manter a distancia de seguridade, emprego da máscara. |
| | Deportista<br>Interior | Aérea | Saída do pavillón desordenada e en grupos sen respetar a distancia de seguridade | Saída secuencial individualizada mantendo a distancia de seguridade. |
| | Deportista<br>Medio Natural | Compartir | Compartir bebida, xeles ou comida despois de realizada a actividade. | Prohibido compartir bebidas e comidas de calquer tipo abertas ou pechadas durante e despois de realizar a actividade no medio natural.<br>Os deportistas teñen que levar os seus alimentos e bebida para despois da actividade. |
| | Deportista<br>Interior | Contacto | Saída do pavillón desordenada e en grupos sen respetar a distancia de seguridade e tocándose | Saída secuencial individualizada mantendo a distancia de seguridade. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Outros<br>Interior | Contacto | Os acompañentes se achegan a instalación como punto de encontro cos deportistas. | Entrada secuencial ao pavillón sen tocar porta e persoa.<br>Mantemento da distancia de seguridade.<br>Evitarse calquer tipo de despedida por contacto. |
| | Outros<br>Interior<br>Medio Natural | Aérea | Os acompañentes se achegan a instalación como punto de encontro cos deportistas. | Máscara obrigatoria<br>Mantemento da distancia de seguridade |